



Cofinanciado por el
programa Erasmus+
de la Unión Europea

RESOLUCIÓN REITORAL DE 14 DE MAIO DE 2021 POLA QUE SE CONVOCAN AXUDAS PARA PARTICIPAR NO PROGRAMA ERASMUS+ KA103 PARA PERSOAL DOCENTE NO CURSO ACADÉMICO 2021-2022

A Universidade de Vigo, que como institución elixible trala obtención da ECHE (Erasmus Charter for Higher Education) para participar no programa Erasmus+ asinou o convenio de subvención co Servicio Español para la Internacionalización de la Educación (SEPIE) para financiar as mobilidades de estudantes, docentes e persoal de administración e servizos do programa Erasmus+ acción KA 103 con países do programa, no cadro dos proxectos 2019-1-ES01-KA103-061447 e 2020-1-ES01-KA103-078369

En virtude deste convenio de subvención asinado e dos convenios Erasmus+ asinados pola Universidade de Vigo con outras institucións de ensino superior participantes no programa e de acordo coas facultades que lle outorgan a Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, modificada pola Lei 4/2007, de 12 de abril, de Universidades e o artigo 72 do Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, polo que se aprobaron os estatutos desta universidade,

ESTA REITORÍA RESOLVE:

1. Convocar prazas en réxime de concorrencia competitiva para participar no programa Erasmus+ KA103 con países asociados no curso académico 2021-22 de acordo coas bases reguladoras que figuran no Anexo I.
2. Ordenar a publicación desta convocatoria e as bases que a regulan na sede electrónica da Universidade de Vigo e no [Portal de bolsas](#) da web da Universidade de Vigo.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na *Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa*.

Así e todo, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non caberá interpoñer o recurso contencioso-administrativo namentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na *Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

O REITOR

Por Delegación (R.R. do 26/05/2020)

DOG 04/06/2020

A vicerreitora de Responsabilidade Social, Internacionalización
e Cooperación

Esta resolución está asinada dixitalmente por

María Isabel Doval Ruiz

ANEXO I**BASES QUE REGULAN A CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA IMPARTIR DOCENCIA NO MARCO DO PROGRAMA ERASMUS + ACCIÓN KA103. 2021-2022****1. OBXECTO**

A acción Erasmus KA103 para mobilidade docente ten por obxecto permitir ao persoal PDI da Universidade de Vigo a realización de estadias para

- Impartir docencia nunha universidade europea participante no programa Erasmus+ dentro dun programa de estudos conducente á obtención dun título na universidade receptora.
- Incrementar a capacitación profesional do PDI da Universidade de Vigo
- Internacionalizar o contido dos estudos que ofrece a Universidade de Vigo debido á experiencia internacional do seu profesorado e ofrecer ao estudantado que non participe en programas de mobilidade a posibilidade de beneficiarse do coñecemento e experiencia docente doutros países.
- Fomentar o intercambio de coñecementos técnicos e experiencias sobre métodos pedagóxicos
- Consolidar os vínculos entre as universidades socias.
- Mellorar as competencias lingüísticas.

2. REQUISITOS

Poderá participar na presente convocatoria o persoal docente que cumpra os seguintes requisitos:

- a) PDI funcionario ou PDI con relación contractual coa Universidade de Vigo no momento da solicitude e durante a realización da estadia.
- b) Non poderá participar nesta convocatoria o persoal laboral con contrato de investigación sen docencia no POD.
- c) Ser cidadá/n dalgún dos 28 países membros da UE, de Islandia, Liechtenstein e Noruega, dun país candidato á adhesión (Serbia, Turquía e a Macedonia do Norte) ou posuír o estatuto de residente permanente, de apátrida ou de refuxiado/a en España. Poderán participar aquelas persoas que, non sendo nacionais dun dos países participantes no Erasmus+, o sexan de terceiros países e estean en posesión dun permiso de residencia válido para residir en España durante o período de realización da mobilidade.

3. CARACTERÍSTICAS E DURACIÓN DAS AXUDAS

A duración mínima da estadia será de **dous días** e a máxima de **cinco días**, podendo ampliarse ata un máximo de dous meses sen financiamento adicional con cargo ao programa Erasmus+.

A duración mínima deberá ser consecutiva

Non se contabilizarán como días de duración das axudas os días de viaxe.

O período de estadia deberá coincidir co período lectivo na universidade de destino.

O programa Erasmus+ non permite a asistencia a congresos e conferencias no marco desta acción. .

As estadias poderán realizarse en tres modalidades:

a.- Estadia docente: deberanse xustificar un mínimo de oito horas de docencia impartidas entre os dous e os cinco días financiados. As materias impartidas na universidade de acollida deberán formar parte do programa de estudos conducente a un título oficial nesa institución.

b.- Estadía docente combinada con actividade formativa: deberanse xustificar un mínimo de 4 horas de docencia máis a participación nunha actividade formativa específica en competencias relacionadas con deseño pedagóxico e/ou curricular. A proposta de actividade formativa deberá detallarse coa solicitude e xustificarse ao final da estadía cunha certificación específica.

c.- Estadía de formación para participar nunha semana internacional organizada por unha institución participante no programa. Non se impartirá docencia. Para poder solicitar estas axudas a persoa candidata deberá ser coordinador/a internacional do centro ou titor académico do destino solicitado.

Non se contabilizarán como días de docencia os sábados nin os domingos salvo confirmación expresa da universidade de destino asinada polo coordinador institucional Erasmus.

As estadías deberán realizarse desde o **1 de agosto de 2021 ao 31 de xullo de 2022**.

4. DOTACIÓN E PAGAMENTO

4.1. A Universidade de Vigo consignará a cantidade estimada de **112.800 euros** na aplicación orzamentaria 2021ORI1121DERA230 para o que se achega o corresponde certificado de retención de crédito.

4.2. Tramitase de conformidade coa normativa establecida na Universidade de Vigo para a tramitación de axudas de custo e locomoción. Non poderán superarse os límites establecidos polo programa Erasmus+ sumando os gastos de viaxe e de aloxamento e manutención que aquí se detallan:

Gastos de viaxe: Para o cálculo das distancias empregarase a seguinte ferramenta: http://ec.europa.eu/programmes/erasmus-plus/tools/distance_en.htm

DISTANCIA DE VIAXE	CONTÍA
Entre 10 e 99 Km.	20 € por participante
Entre 100 e 499 Km.	180 € por participante
Entre 500 e 1999 Km.	275 € por participante
Entre 2000 e 2999 Km.	360 € por participante
Entre 3000 e 3999 Km.	530 € por participante
Entre 4000 e 7999 Km.	820 € por participante
Entre 8000 ou máis	1500 € por participante

No caso de realizar máis dunha estadía, unha a continuación da outra, sen regresar á Universidade de Vigo tras realizar a primeira estadía, o importe da axuda de viaxe pode variar. O/a profesor/a deberá informar á ORI coa debida anticipación para modificar o importe da axuda adxudicada de ser necesario

Gastos de aloxamento e manutención: importe para percibir por día de docencia segundo o país de destino:

Grupo 1	Dinamarca, Finlandia, Irlanda, Islandia, Liechtenstein, Luxemburgo, Noruega, Reino Unido e Suecia	120 € /día
Grupo 2	Alemaña, Austria, Bélxica, Chipre, Francia, Grecia, Italia, Malta, Países Baixos e Portugal	105 € /día
Grupo 3	Bulgaria, Croacia, Eslovaquia, Eslovenia, Estonia, Hungría, Letonia, Lituania, Macedonia do Norte, Polonia, República Checa, Romanía, Serbia e Turquía.	90 € /día

O pagamento das axudas farase en forma de provisión directa de servizos. Así, será aboado en dous prazos:

-1º pagamento, como anticipo da axuda, un 70 % da axuda máxima que corresponda á persoa participante, antes de iniciar a estadía e despois da firma do convenio de subvención establecido polo programa.

-2º pagamento: ao término da misión docente, unha vez presentados os documentos xustificativos de custos de viaxe, aloxamento e manutención requiridos e sempre de acordo coa normativa de execución do orzamento da Universidade de Vigo. directamente ao/á destinatario/a en forma de provisión directa de servizos. O cumprimento das obrigas establecidas no punto 9 será determinante para o pagamento da axuda.

De non cumprir coas obrigas establecidas antes da estadía entenderase que o/a destinatario/a renuncia á axuda económica.

- 4.3. As axudas que se establecen nesta convocatoria serán incompatibles con calquera outra axuda da mesma natureza e para a mesma finalidade e non poderán tramitar este gasto con cargo a outras partidas orzamentarias da Universidade de Vigo.
- 4.4. A contía percibida non poderá ser utilizada para cubrir gastos similares que se financien con outros fondos da Unión Europea.
- 4.5. O persoal participante que acredite unha situación legal de discapacidade ou necesidades especiais, poderá optar a axuda complementarias. Unha vez seleccionado, deberá comunicar a súa situación á Oficina de Relacións Internacionais, outgoing.ori@uvigo.es.
- 4.6. Poderá realizarse a actividade **sen dotación económica, bolsa cero**:
 - 4.6.1. Se se realiza de forma virtual sen desprazamento.
 - 4.6.2. De estar na lista de agarda e querer realizar a estadía.
 - 4.6.3. Por calquera outra situación da que o PDI participante deberá informar antes de realizar a estadía a Oficina de Relacións Internacionais.

Non se poderán sufragar os gastos se se realiza nesta modalidade unha vez realizada a actividade.

5. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

As persoas candidatas deberán cubrir, descargar e asinar dixitalmente o formulario que se atopa na Secretaría Virtual (formularios e enquisas) da Universidade de Vigo co nome **2021/2022 SOLICITUDE ERASMUS+ PDI**

Presentar o formulario na sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal>) a través do procedemento **ORI-Convocatoria Erasmus+ PDI 2021-2022**. Deberá achegar neste momento o resto da documentación requirida na convocatoria.

En caso de dificultades técnicas durante o proceso de presentación dos formularios, poderán dirixirse ao enderezo electrónico sede@uvigo.gal

Só se aceptarán as solicitudes presentadas a través da sede electrónica e asinadas dixitalmente no prazo establecido, tal e como se indica nos parágrafos precedentes.

Tanto para asinar a documentación coma para presentar o documento a través da sede electrónica pódense usar os seguintes sistemas:

- Certificado dixital
- DNI electrónico

Se a persoa candidata non dispón de certificado dixital pode solicitalo seguindo as indicacións da seguinte [ligazón](#)

O PDI participante deberá facilitar na solicitude de participación o enderezo de correo electrónico co dominio uvigo.es. A comunicación entre a ORI e as persoas participantes realizarase sempre a través deste enderezo de correo electrónico.

O prazo de presentación de solicitudes comezará o día seguinte ao da publicación desta convocatoria e remata o **7 de xuño de 2021** ás 23:59 (hora peninsular española).

Xunto coa solicitude deberán presentar a seguinte documentación:

1. Carta de invitación formal ou copia dunha mensaxe de correo electrónico enviada desde un correo institucional que verifique a aprobación da estada docente por parte da universidade de destino.
2. No caso de solicitar a participación nunha actividade formativa específica en competencias relacionadas con deseño pedagóxico e/ou curricular, a invitación deberá incluír información detallada da actividade formativa.
3. No caso de participación nunha semana internacional, deberá presentarse o programa de actividades.
4. De ser o caso, constancia asinada pola persoa responsable de relacións internacionais do seu centro da condición de titor/a Erasmus estudos.

Tamén se lle poderá requirir outros documentos que fosen necesarios para a concesión da axuda.

6. SELECCIÓN E RESOLUCIÓN

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, e unha vez examinadas estas e a documentación presentada, publicarase a **listaxe provisoria de solicitudes admitidas e excluídas**, coa mención da causa de exclusión.

As persoas interesadas disporán dun prazo **de dez días hábiles** contados a partir do día seguinte á publicación para emendar os erros e a falta de documentación presentando o formulario de alegacións, dirixido á Oficina de Relacións Internacionais, nos rexistros da Universidade.

Unha vez revisadas as alegacións a selección será efectuada pola Comisión de selección, de acordo coa seguinte prioridade:

- 1º. O persoal docente que realice unha estada docente no estranxeiro no marco do programa Erasmus por primeira vez.
- 2º. A/s persoa/s responsable/s de RRII nos centros da Universidade de Vigo.
- 3º. O persoal docente que sexa responsable de titorizar alumnos/as en universidades europeas co programa Erasmus no curso 2020-21 (se coincide o destino de docencia coa súa titoría).
- 4º. O persoal docente que imparta docencia en inglés, segundo o Plan de Internacionalización lingüística aprobado na Universidade de Vigo (CG 21/02/2013, modificado o 29/10/2013 e o 14/10/2014) e/ou os/as docentes de departamentos de linguas estranxeiras que impartan docencia noutras linguas estranxeiras como establecen as memorias de Grao.
- 5º. O persoal docente que oferte materias *English Friendly*
- 6º. O persoal docente que sexa funcionario de carreira ou contratado laboral fixo.
- 7º. O persoal docente que realice estadas de máis longa duración.
- 8º. No caso de empate, seguirase a orde alfabética a partir da letra Y vixente para os procesos selectivos na Comunidade Autónoma de Galicia segundo a resolución da Consellería de Facenda de 29 de xaneiro de 2021 (DOG do 5 de febreiro).

Non se financiarán máis de tres estadías docentes da mesma área (código ISCED) na mesma institución.

Non se financiarán máis de dúas estadías por persoa.

A Comisión de selección está composta por:

Presidenta: Amelia Rodríguez Piña, Directora Técnica da ORI.

Secretaria: Rebeca Cofán Pereiras, Xefa de Negociado da ORI.

Vogais: M^a Teresa Arce Aramendi, Xefa de Área da ORI.

Efectuada a selección pola comisión, publicarase a listaxe provisoria de solicitudes seleccionadas e a listaxe de agarda.

As persoas interesadas poderán presentar alegacións no prazo de **5 días hábiles**, contados a partir do día seguinte á publicación desta resolución. Para presentar alegacións a través de sede seguirase o procedemento **SXER - Instancia xenérica**. As alegacións deben dirixirse á Oficina de Relacións Internacionais.

Revisadas as alegacións pola Comisión, a Oficina de Relacións Internacionais elevará a proposta de **resolución definitiva de solicitudes seleccionadas e en lista de agarda, se procede**, ao Vicerreitor de Internacionalización para a súa publicación.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Todas as resolucións ás que se refire este punto publicaranse no Taboleiro de Anuncios da SEDE electrónica da Universidade e no [portal de bolsas](#) da web da universidade e na seguinte [ligazón](#).

Poderán realizarse as comunicacións individuais que resulten necesarias ao correo electrónico sinalado na solicitude, sen que estas teñan a consideración de notificación.

7. ACEPTACIÓN E RENUNCIA

As persoas seleccionadas deberán aceptar ou renunciar a concesión da praza no prazo de 10 días hábiles desde a publicación da resolución definitiva de adxudicación do destino. De non facelo nese prazo, **entenderase que renuncia á praza de mobilidade**.

O PDI en lista de agarda que resulte seleccionado con posterioridade a este prazo, por renuncias, tamén deberá aceptar a praza.

Toda renuncia a unha praza xa aceptada con anterioridade, deberá presentarse por escrito.

A aceptación ou renuncia, en calquera dos casos, presentarse a través da sede electrónica da Universidade de Vigo polo procedemento **SXER-Instancia xenérica**.

Entenderase por causa xustificada:

- Enfermidade ou enfermidade grave.
- Enfermidade ou falecemento dun familiar ata o segundo grao.
- Cumprimento dun deber público.
- Calquera outra causa suficientemente acreditada e xustificada.

As renuncias aceptadas darán lugar á concesión á seguinte persoa da lista de agarda.

8. OBRIGAS

A persoa beneficiaria deberá:

Enviar á ORI a documentación requirida.

a. Antes da estadía:

1. Solicitar o permiso correspondente no seu Departamento.
2. Acordo de mobilidade (Staff Mobility Agreement) asinado por todas as partes e con datas de sinaturas anteriores á realización da estadía.
3. Asinar e presentar a través da sede electrónica da Universidade de Vigo polo procedemento **SXER-Instancia xenérica** o convenio de subvención entre a Universidade de Vigo e a persoa docente seleccionada.
4. Tramitar e aboar os gastos de visado se procede.
5. Tramitar a tarxeta sanitaria europea.

b. Ao finalizar a estadía:

1. Enviar á ORI a través dos Rexistros da Universidade o certificado orixinal de realización de estadía asinado pola entidade de acollida con indicación de días de estadía e horas de docencia impartidas ou, de ser o caso, participación na actividade formativa específica en competencias relacionadas con deseño pedagóxico e/ou curricular. A data de firma do documento por parte da universidade receptora non pode ser anterior ao último día xustificado como día de actividade docente.
2. Tramitar a comisión de servizos a través do aplicativo da Universidade de Vigo. Deberán subirse como adxuntos todos os xustificantes dos gastos de viaxe (facturas e as tarxetas de embarque, billetes de tren, taxi, peaxes etc), facturas do hotel, etc
3. Cumprimentar e enviar a enquisa UE (EU Survey) en liña nos 30 días naturais posteriores á recepción da invitación para cumprimentalo. A Universidade de Vigo poderá requirir aos participantes que non cumprimenten e envíen a enquisa UE en liña o reembolso parcial ou total da axuda financeira recibida.

9. REVISIÓN E REINTEGRO

Son causas de reintegro:

- Non cumprir os requisitos e obrigas recollidos na convocatoria.
- Ocultar datos, alteralos ou manipular a información solicitada.
- Incorrer nalgunha das causas de incompatibilidade establecidas nesta convocatoria.

A persoa beneficiaria que incorra nalgunha destas causas, está obrigada a reintegrar á Universidade a cantidade indebidamente percibida.

10. PROTECCIÓN DE DATOS

De acordo co disposto no artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril, relativo á protección da persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento Xeral de Protección de Datos ou "RXPD") e co disposto no artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, informámoslle que os datos que vostede nos facilite na solicitude, serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade de Vigo, coa finalidade de xestionar a presente convocatoria e amparados Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades e o Regulamento (UE) n.º 1288/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 11 de decembro de 2013, polo que se crea o programa «Erasmus+», de educación, formación, xuventude e deporte da Unión e polo que se derogan as Decisións n.º 1719/2006/CE, 1720/2006/CE e 1298/2008/CE.

Coa súa participación nesta convocatoria as persoas interesadas autorizan a Universidade de Vigo para a publicación dos seus datos, de acordo cos principios de publicidade e transparencia, cando así se derive da natureza desta convocatoria Erasmus+. Non obstante e co fin de previr riscos para a publicidade de datos persoais de vítimas de violencia de xénero, dita circunstancia deberá comunicala a persoa afectada coa maior celeridade posible á Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo ao teléfono 986 813419 ou ao enderezo electrónico igualdade@uvigo.es

Estes datos trataranse durante o tempo imprescindible para cumprir coa citada finalidade e serán conservados durante o prazo necesario para determinar as posibles responsabilidades que se puideran derivar de dita finalidade e do tratamento dos datos.

Vostede está obrigado a facilitar estes datos en virtude do especificado no parágrafo anterior e, en caso de non facelo, as consecuencias serán non poder realizar os trámites da convocatoria nin tramitar o pago da axuda correspondente. Vostede ten dereito a solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a oporse ao devandito tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poderes públicos, a portabilidade dos seus datos.

Devanditos dereitos poderá exercelos mediante solicitude dirixida ao Reitor da Universidade de Vigo por medio do rexistro da Universidade de Vigo, ou calquera dos rexistros indicados no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e remitida á Secretaría Xeral da Universidade de Vigo, Campus universitario Lagoas-Marcosende, 36310 Vigo (Pontevedra). Para mais información: <https://www.uvigo.gal/proteccion-datos>

Igualmente poderá dirixir dita solicitude directamente á Delegada de Protección de Datos a través do enderezo electrónico: dpd@uvigo.gal

Así mesmo, vostede ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

GLOSARIO PARA A ENTREGA DE DOCUMENTACIÓN:

A continuación indícase a nomenclatura que se de utilizar para presentar a documentación requirida.

Documentación para entregar coa solicitude	
Solicitude de participación	soler-apellido1-apellido2-nome/s
Documentación para entregar unha vez seleccionados	
Documento de aceptación	acep- apellido1-apellido2-nome/s
Renuncia	re- apellido1-apellido2-nome/s